



Esptar máis tarde ca o sol, andar na bici, xogar na praia, embadurnarse de xeados e sandía, sacar brillo aos parques, disfrutar das amizades, papases, mamases, avós, avoas, ti@s, curmáns/ns, pasear ás amizades de 4 patas, millor ás gatunas non que se pasean soas... e un anaquiño diario para voar sen esnafrate, sen parapente, globo nin avión; un anaquiño de relax que podes compartir na cama, na herba, no sofá, na area, na túa árbore favorita. Sen compromisos, sen obrigas, só polo pracer de saborear cada verba, cada ilustración, cada imaxe que as túas neuronas (nunca collen vacacións) dibuxarán na túa cabeza asoleada. Cada día, un anaquiño de LECTURA. Pídetes un libro por aprobar. Para aprobar. Visita a Biblioteca Municipal. Intercambia libros cos/as amig@s. Pídelle a alguén que te lea. Lelle ti a alguén...

No verán,

NON LLE DES VACACIÓNS Á LECTURA



Desexámosvos...



un bo

libro

e

unhas lectoras


Verán 2.012

**DENDE A
BIBLIOTECA**



3º CICLO E.PRIMARIA

**PENSANDO
NESTE VERÁN...**



...que tod@s
pensades disfrutar ...

... o rato gordecho e máis
eu saímos buscar o millor
alimento fresquiño e sa-
boroso para que as vosas
neuronas non só naden
na praia:

LECTURA!!!

• **O misterio do Faro Ve-
llo - F. Caslderrey -
Xerais:** Ningún adulto pa-
rece ver as bolas de luz
que flotan sobre o faro. E
hai quen non está dispo-
sto a deixar que Lorena e
a súa panda desvelen o
misterio.



• **Xardín de inverno -
L. Costas - Everest:** A
morte dos seres queridos
deixanos unha fonda fe-
rida de ausencia. A lem-
branza os mantén ao no-
so rente. Coma nestes
versos que percorren o
camiño da perda e a superación.



• **O alento nas
costas - N. Carou-
Baía:** Un soño leva
a Mireia a volver á
súa aldea 10 anos
despois de deixala
por problemas coas
drogas; alí atópase
co espírito dun no-
bre medieval. O li-
bro entretece a historia destas
personaxes e os seus mundos, co-
nectados polos soños.

**Sálpock. O val
dos cegos -
A. López e
L. Sendón -
Demo:** Banda de-
señada para na-
rrar ciencia fic-
ción nun mundo
apocalíptico sen esperanza, onde es-
te náufrago caído das estrelas loita-
rá sen tregua pola súa liberdade. Va-
lentía, amizade, aventura... Tamén
amor.



MAMASES, PAPASES, PROF@S e
demáis adult@s:

• **Morgana en Esmelle - B. Caamaño -
Galaxia:** Unha ollada di-
ferente sobre o mito do
rei Artur e Avalón, a
perspectiva de quen su-
fríu as decisións d@s
que xogaban co poder. A
visita de Morgana a Mer-
lín e Xenebra desandarán
lembranzas que doen e



buscan. Nunha fer-
mosa linguaxe.

• **Castelao. O pobre
tolo - I. Vilariño -
Demo:** No seu des-
terro en Badaxoz,
Castelao achégase a
Portugal, onde merca
esta obra de Teixei-
ra, que será de rele-
vancia para el. http://www.youtube.com/watch?v=aOa6pJvi7Mg&feature=player_embedded#



• **Alén da fronteira - VVAA -
Faktoría K:** Percorrido pola
poesía vasca da man de sete
poetas contemporáneos de
Euskadi, nunha cuidada edi-
ción bilingüe

